

2026

**Memoria**  
**AS CHAVES DA**  
**LINGUA**

## Contido

---

1	Introdución.....	2
2	Obxectivos xerais.....	2
2.1	Obxectivos específicos .....	3
3	Persoas destinatarias .....	4
4	Temporalización .....	5
5	Necesidades e recursos.....	5
6	Accións e medidas concretas .....	6
6.1	Creación de contidos.....	6
6.2	Difusión .....	6
6.3	Recursos descargables .....	7
7	Avaliación .....	8
	Conclusión.....	9

## 1 Introducción

---

*As chaves da lingua* é un proxecto educativo e divulgativo creado por Noemí García, profesora de lingua galega, a partir dunha necesidade detectada na súa práctica docente cotiá. O seu alumnado mudaba ano tras anos, mais tiña as mesmas dúbidas curso tras curso. A constatación de que esas dificultades non eran individuais, senón compartidas por moitas persoas, levouna a pensar que tamén fóra da aula existía esa mesma demanda.

Co obxectivo de traspasar as paredes da escola e facer accesible ese coñecemento a un público máis amplo, nace *As chaves da lingua*. No seu blog publícanse artigos de carácter divulgativo sobre diferentes ámbitos: gramática, vocabulario, ortografía, fonética, historia da lingua, literatura e moitas curiosidades lingüísticas.

O proxecto mantén sempre unha vontade clara de combinar rigor e claridade, cun enfoque práctico, próximo e comprensible, e co propósito de amosar a enorme riqueza léxica e cultural que ten a nosa lingua. Deste xeito, *As chaves da lingua* contribúe á reflexión lingüística, á mellora das competencias comunicativas e á posta en valor do galego como lingua viva, útil e plenamente válida para todos os ámbitos da sociedade.

## 2 Obxectivos xerais

---

O principal obxectivo d'*As chaves da lingua* é fomentar e achegar o galego entre diferentes tipos de público. O proxecto busca funcionar como unha ponte entre a lingua galega e a vida diaria, eliminando barreiras tanto para as persoas que queren mellorar as súas competencias lingüísticas como para aquelas que se achegan ao galego por primeira vez. Co fin de garantir que calquera persoa poida acceder á información, a redacción dos artigos fuxe deliberadamente de explicacións excesivamente técnicas ou complexa e aposta por unha linguaxe clara, directa e comprensible.

Alén de ensinar lingua, o proxecto ten como obxectivo visibilizar os numerosos recursos existentes en galego, como xogos de mesa, videoxogos, música ou libros, que a miúdo permanecen agochados ou son pouco coñecidos para unha grande maioría da poboación . A través desta difusión, o proxecto pretende amosar que vivir en galego é posible no día a día e que o idioma conta cunha oferta cultural ampla, diversa e actual.

## 2.1 Obxectivos específicos

---

### **Promover o uso correcto da ortografía e da gramática do galego**

Un dos grandes retos á hora de aprender ou mellorar un idioma é a correcta aplicación das súas normas gramaticais e ortográficas. O blog ofrece artigos curtos que explican normas complexas de maneira sinxela.

### **Difundir o valor cultural da lingua galega a través das tradicións**

A lingua é un reflexo da cultura dun pobo e en Galicia, o galego está intrinsecamente ligado ás súas tradicións e celebracións. O blog contribúe a preservar e divulgar estas tradicións mediante contidos que exploran festas populares e costumes.

### **Facilitar recursos de lecer en galego.**

Unha lingua mantense viva a través do seu uso en distintos contextos e o lecer é un dos ámbitos en que o galego pode ter maior presenza. A través do blog, ofrécense recomendacións de xogos, filmes, música e outras formas de lecer en galego. Este obxectivo busca ampliar as opcións dispoñibles en galego e facer que a lingua sexa vista como unha ferramenta válida para o gozo e o entretemento.

## **Crear unha comunidade en liña que funcione como referencia para o uso do galego.**

Ademais de ser unha fonte de información, *As chaves da lingua* ten como obxectivo crear unha comunidade activa ao redor da lingua. Mediante a participación en comentarios, suxestións de temas e o intercambio de experiencias, preténdese que o blog se converta nunha referencia para persoas interesadas no idioma.

## **Contribuír á normalización do galego no ámbito dixital.**

A lingua galega enfróntase a retos importantes no ámbito dixital, onde o castelán e o inglés son predominantes. Outro dos obxectivos é contribuír á normalización do galego no contexto dixital ao ofrecer contidos de calidade e demostrar que a nosa lingua pode ser utilizada con éxito nas novas tecnoloxías e plataformas en liña.

## **Incentivar o uso do galego entre os galegos na diáspora.**

Moitos galegos emigrados queren manter o contacto coa súa lingua e cultura, mais carecen de recursos accesibles para facelo. O blog busca ofrecer unha solución a esta necesidade ao proporcionar contidos que poden ser utilizados por persoas que viven fóra das nosas fronteiras para seguiren conectadas coa súa identidade a través da lingua.

## **3 Persoas destinatarias**

---

*As chaves da lingua* está dirixido a un público diverso que inclúe:

- **Galegofalantes** interesados en perfeccionar o uso do idioma.
- **Neofalantes** que desexan aprender dende unha perspectiva práctica e accesible.
- **Docentes e estudantes** que buscan ferramentas e materiais educativos como complemento nas aulas.
- **Galegos na diáspora** que queren manter viva a conexión coa súa lingua e cultura.

## 4 Temporalización

---

O blog comezou a súa andaina en xaneiro de 2023 coa idea de ofrecer un espazo accesible para a aprendizaxe do galego en Internet. Na actualidade, conta con máis de 150 artigos publicados e o proxecto ten carácter indefinido, co obxectivo de manter a súa evolución na medida en que se amplían os temas tratados e se introducen novas funcionalidades e recursos.

## 5 Necesidades e recursos

---

Para levar a cabo o obxectivo de promover o uso correcto e consciente do galego, *As chaves da lingua* conta cunha serie de recursos e plataformas que permiten difundir contidos e conectar coa nosa comunidade:

### Recursos actuais

- **Contas en redes sociais**
  - Instagram e Facebook: plataformas clave para compartir contidos dinámicos e interactivos que fomentan a aprendizaxe da lingua dun xeito accesible e atractivo.
  - X (antigo Twitter) e Bluesky: espazos para promover e compartir curiosidades lingüísticas.
- **Páxina web.** A web d'*As chaves da lingua* é o eixo central do proxecto. Aquí están dispoñibles os artigos completos, recursos descargables e información ampliada sobre gramática, ortografía, léxico e cultura galega. A web é unha ferramenta esencial para quen desexa explorar os contidos con maior profundidade e acceder a materiais complementarios.
- **Newsletter.** Na actualidade, a *newsletter* que chega a máis de 2500 persoas interesadas en recibir semanalmente contidos exclusivos, novidades e curiosidades sobre o galego.

## 6 Accións e medidas concretas

---

Para acadar os obxectivos d' *As chaves da lingua*, lévanse a cabo diferentes accións que garanten a creación, difusión e accesibilidade dos contidos. Estas accións están deseñadas para chegaren a un público amplo e diverso, mantendo sempre un enfoque práctico, didáctico e atractivo.

### 6.1 Creación de contidos

---

A base do proxecto reside na xeración constante de contidos de calidade que faciliten a aprendizaxe do galego e fomenten o seu uso correcto. Estes contidos estrutúranse en diferentes formatos para adaptarse ás necesidades e hábitos de consumo da audiencia:

- **Artigos no blog.** Publícanse varias entradas semanais que abordan temas como gramática, ortografía, léxico, tradicións e cultura galega, explicados de forma clara e accesible.
- **Publicacións en redes sociais.** Adaptación dos contidos a formatos máis dinámicos e visuais para maximizar o alcance e o impacto, incluíndo infografías, fíos explicativos e vídeos curtos.
- **Newsletter semanal.** Envíase un boletín cun resumo dos últimos artigos publicados e contidos exclusivos para a comunidade.
- **Contidos especiais en datas destacadas.** Para reforzar a conexión entre a lingua e a cultura, créanse materiais específicos en ocasións especiais como o Día das Letras Galegas, Día de Castelao, Día da Candeloria, o Entroido, o Nadal etc.

### 6.2 Difusión

---

Para garantir a máxima difusión de contidos, *As chaves da lingua* conta cunha estratexia de difusión multicanle. As accións concretas inclúen:

- **Presenza activa en redes sociais:** publicacións en Instagram, Facebook, X e Bluesky para compartir os artigos, resolver dúbidas lingüísticas e fomentar a interacción coa comunidade.
- **Newsletter semanal:** envío inclúe contidos exclusivos e reforza a difusión dos artigos do blog.
- **Colaboracións e sinerxías:** contacto con outros proxectos e iniciativas culturais e educativas que promoven o galego.

### 6.3 Recursos descargables

---

Para facilitar o acceso a materiais útiles e didácticos, *As chaves da lingua* ofrece distintos recursos descargables gratuítos que complementan os contidos do blog e fomentan o uso do galego en diferentes contextos.

#### **Ebooks dispoñibles:**

- *Os 250 erros máis comúns en galego que nunca máis vas cometer.* Trátase dunha recompilación de castelanismos frecuentes coa súa correspondencia en galego, ideal para mellorar o uso da lingua de maneira práctica.
- *Ditos e refráns para o Nadal. Sabedoría popular para o inverno.* Un ebook especial publicado durante o Nadal con expresións tradicionais que forman parte do noso patrimonio lingüístico.


#### **Materiais para os máis pequenos:**

- *Cartas de Nadal en galego.* Recursos descargables para que a cativada poida escribir as súas peticións ao Apalpador e aos Reis Magos mantendo viva a tradición en galego.

## 7 Avaliación

Para facer unha avaliación do proxecto tivéronse en conta diferentes gráficas como as visitas ao blog e interacción nas redes. O ano 2025 foi un ano que se avalía como extremadamente positivo na presenza en liña do sitio web, multiplicándose as visitas por 4 en comparación con 2024. Neste intervalo rexistráronse:

- **105 996 usuarios únicos**, é dicir, número de persoas diferentes que visitaron polo menos unha vez a páxina. Unha subida do 306,3% desde os 25.874 de 2024.
- **142 157 sesións**, isto é, número de veces os usuarios entraron á web ler como mínimo un dos artigos. Unha subida do 307,6% desde os 34.881 de 2024.
- **179 415 vistas**, ou sexa, número total de páxinas cargadas. Unha subida do 290,1% desde os 45.989 de 2024.



	↓ Total de usuarios	Sesiones	Vistas
<input checked="" type="checkbox"/> Total	105,096 100 % respecto al total	142,157 100 % respecto al total	179,415 100 % respecto al total
<input checked="" type="checkbox"/> 1 Organic Search	39,759 (37,83 %)	49,585 (34,88 %)	67,078 (37,39 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 2 Direct	36,804 (35,02 %)	49,799 (35,03 %)	63,719 (35,51 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 3 Organic Social	10,033 (9,55 %)	11,303 (7,95 %)	13,716 (7,64 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 4 Email	9,115 (8,67 %)	14,608 (10,28 %)	19,913 (11,1 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 5 Referral	8,287 (7,89 %)	10,474 (7,37 %)	14,552 (8,11 %)
<input type="checkbox"/> 6 Unassigned	233 (0,22 %)	302 (0,21 %)	436 (0,24 %)
<input type="checkbox"/> 7 Organic Video	1 (<0,01 %)	1 (<0,01 %)	1 (<0,01 %)

Ilustración 1. Fontes de tráfico

Cómpre destacar que a principal fonte de tráfico da páxina web son as buscas en Google (Organic Search). Isto é especialmente importante xa que é unha das canles de adquisición máis importantes en Internet e máis difíciles para as bitácoras en galego, xa que o motor de busca non entende moi ben os contidos no noso idioma. Con todo, un dos obxectivos do proxecto é demostrar que si se pode.

	Vistas	Total de usuarios	Reseñas
<input checked="" type="checkbox"/> Total	179.459 100 % respecto al total	108.096 100 % respecto al total	142.587 100 % respecto al total
<input checked="" type="checkbox"/> 1 /	14.020 (7,81 %)	7.293 (6,74 %)	10.130 (7,13 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 2 /te-e-oh-trucos-para-saber-diferenciais/	13.614 (7,59 %)	10.727 (10,21 %)	13.107 (9,22 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 3 /que-sobor-e-das-letras-galegas-ea/	11.751 (6,55 %)	8.259 (7,66 %)	10.484 (7,37 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 4 /felicitacions-de-nadal-en-galego-crea-tua-postal-personalizada/	6.758 (3,77 %)	4.195 (3,89 %)	5.028 (3,54 %)
<input checked="" type="checkbox"/> 5 /películas-e-series-en-galego/	5.220 (2,91 %)	3.954 (3,76 %)	4.762 (3,39 %)
<input type="checkbox"/> 6 /falos-amigos-galego-castelan/	4.735 (2,64 %)	4.345 (4,13 %)	4.457 (3,14 %)
<input type="checkbox"/> 7 /as-mellores-paquin-web-para-descargar-de-balde-libros-en-galego-e-en-portugues/	4.610 (2,56 %)	3.185 (3,00 %)	3.919 (2,76 %)
<input type="checkbox"/> 8 /libros-en-galego/	4.361 (2,43 %)	3.597 (3,42 %)	4.191 (2,95 %)
<input type="checkbox"/> 9 /frases-de-castelan/	3.820 (2,13 %)	3.122 (2,97 %)	3.589 (2,52 %)
<input type="checkbox"/> 10 /insultos-en-galego/	2.660 (1,48 %)	2.191 (2,08 %)	2.489 (1,75 %)

Ilustración 2. Lista do artigos máis visitados do blog

Actualmente, *As chaves da lingua* ten a súa comunidade máis grande en Instagram e goza de máis de 12 000 persoas seguidoras.



Ilustración 3. Conta de Instagram

## 8 Conclusión

A través da combinación de contidos didácticos, materiais descargables e unha comunidade activa, *As chaves da lingua* conseguiu posicionarse como unha referencia

para todas aquelas persoas que queren mellorar o seu dominio da lingua ou achegarse a ela por primeira vez. O impacto deste proxecto non só se reflicte na crecente comunidade de seguidores e subscritores, senón tamén na súa contribución á normalización do galego no ámbito dixital.

A medida que o proxecto continúa medrando, a aposta por novos formatos e recursos permitirá seguir achegando a lingua a máis persoas, sempre coa premisa de que aprender galego pode ser unha experiencia enriquecedora e próxima. O futuro deste proxecto é seguir a abrir portas para que o galego sexa unha lingua viva, útil e presente no día a día.